

IRENE SUÁREZ LÓPEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que por Resolución da alcaldía 746/2024, de data 19/08/2024, ditouse o acordo que a continuación se reproduce:

“RESOLUCIÓN. Aprobación expediente de contratación.

Exp. 1026/2024. Visto a Orde da Consellería do Mar, de 14 de setembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023 (código de procedemento PE155A), publicada no DOG nº 183, de data 26/09/2023.

Visto o proxecto técnico denominado **“Promoción do litoral de Cabanas: Turismo mariñeiro e navegación sostible”**, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Juan Carlos Platas Felgueiras, cun orzamento de 190.150,72 euros e 39.931,65 euros de ive, o que importa un total de 230.082,37 euros.

Visto que por Resolución da Alcaldía 838/2023, de data 26/10/2023, procedeuse á aprobación do proxecto técnico “Promoción do litoral de Cabanas: Turismo mariñeiro e navegación sostible”, así como solicitar subvención á Consellería do Mar para a execución de dita actuación.

Visto a comunicación Consellería do Mar, con rexistro de entrada nº 2023-E-RC-2780, de data 19/12/2023, pola que se traslada a concesión de subvención ao Concello de Cabanas para a execución do proxecto “Promoción do litoral de Cabanas: Turismo mariñeiro e navegación sostible”, a distribuír nas anualidades 2023 e 2024, por importe de 200.000,00 euros.

Visto o proxecto modificado “Promoción do litoral de Cabanas: Turismo mariñeiro e navegación sostible” (registro 2024-E-RE-1212, de data 16/08/2024), no que se modifica o prazo de execución e calendario de actuacións.

Visto a necesidade de proceder á adxudicación do contrato de subministro **“Adaptación embarcación Anduriño”**, incluída no proxecto Promoción do litoral de Cabanas: Turismo mariñeiro e navegación sostible”, é preciso iniciar o procedemento de contratación.

Visto as características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato	Subministro
Obxecto do contrato	"Adaptación embarcación Anduriño"



Procedemento de contratación	Aberto simplifícadísimo
Tipo de tramitación	Ordinaria
Códigos CPV	45453000-7. Traballos de revisión e reacondicionamento. 34300000-0. Partes e accesorios para vehículos e seus motores
Valor estimado do contrato	42.401,92 €
Orzamento base de licitación sen IVE	42.401,92 €
IVE	8.904,40 €
Orzamento total de licitación con IVE	51.306,33 €
Prazo de execución	Prazo máximo entrega do ben: 45 días naturais
División en lotes	Non, segundo o establecido na memoria xustificativa

Visto que no expediente está xustificada a necesidade de proceder á licitación do subministro para satisfacer o interese público. Visto o Informe de Secretaria-Intervención e redactado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, de conformidade co artigo 117 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación mediante o procedemento aberto simplifícadísimo, con varios criterios de adxudicación de apreciación automática, para a adxudicación do subministro “**Adaptación embarcación Anduriño**”, incluída no proxecto Promoción do litoral de Cabanas: Turismo mariñeiro e navegación sostible, financiado pola Consellería do Mar, cun orzamento de 42.401,92 euros e 8.904,40 euros de ive, o que importa un total de 51.306,33 euros. O prazo máximo de entrega da subministración será de 45 días naturais.

Segundo. Autorizar o gasto por importe de **51.306,33 euros** correspondente ás aplicacións orzamentarias que a continuación se relacionan:

Partida	Importe
432.62300	33.307,58 €
432.63400	17.998,75 €

Terceiro. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que rexerán a licitación do contrato, mediante procedemento aberto simplifícadísimo, con varios criterios de adxudicación, mediante a aplicación de fórmulas, e tramitación ordinaria.





Cuarto. A Unidade de Asistencia Técnica estará constituída por D^a. Irene Suárez López e D^a. Susana Fernández Muiño.

Quinto. Publicar anuncio de licitación no Perfil do Contratante da Plataforma de Contratos do Sector Público, empregando o sistema de licitación electrónica.

Sexto. Dar traslado da presente Resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería debido aos efectos económicos implícitos na presente resolución.”

E para que conste ós efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Fernando Couce Rodríguez, en Cabanas, na data que consta á marxe.

